



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANEXO ó punto nº 6
(Xunta de Goberno do 24.3.88)

O Real Decreto 185/1985 do 23 de xaneiro, Regulador do Terceiro Ciclo de estudos universitarios, determina no seu artigo 10.8 que "La Universidad podrá establecer normas para otorgar menciones honoríficas o premios a las Tesis Doctorales que lo merezcan".

Por outra banda o dito texto legal na súa Disposición Adicional 1ª deroga a normativa que ata ese momento viña regulando a concesión de Premios Extraordinarios de Doutoramento.

Corresponde, pois, ós Organos Universitarios de Goberno enche-lo baldeiro legal existente neste momento no referente á concesión dos ditos premios, elaborando e aprobando a normativa que deberá regular tanto a concesión dos Premios Extraordinarios de Doutoramento coma calquera outro tipo de mencións honoríficas ás Teses de Doutoramento que o merezan.

En consecuencia, a Xunta de Goberno da Universidade de Santiago adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. - Norma xeral.

As Teses de Doutoramento defendidas e mantidas na Universidade de Santiago de Compostela poderán ser obxecto da mención especial de Premio Extraordinario de Doutoramento, conforme o establecido nas presentes normas.

SEGUNDO. - Concesión dos Premios Extraordinarios.

1. A Universidade de Santiago poderá outorgar en cada curso académico, previa proposta dos Tribunais, Premios Extraordinarios por cada Facultade ou Escola Técnica Superior a razón dun ata cinco Teses de Doutoramento, defendidas e declaradas aptas no curso académico correspondente. No caso de que o número de Teses fose superior a cinco, poderán outorgarse dous Premios Extraordinarios.

2. Cando as Facultades estean organizadas en Seccións os premios ós que se refire o apartado anterior poderanse outorgar por cada Sección.

TERCEIRO. - Requisitos para a obtención dos Premios Extraordinarios.

Quen obtiver o grao de Doutor e aspiren á mención de Premio Extraordinario, deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter obtido e defendido a Teses de Doutoramento na Universidade de Santiago de Compostela.
- b) Que a Teses de Doutoramento fose lida no curso académico ó que corresponda o Premio Extraordinario.
- c) Que a tese de Doutoramento acadara a mención de "cum laude".

CUARTO. - Nomeamento e composición dos Tribunais.

1. Os Tribunais encargados de elaborar a proposta de concesión do premio extraordinario serán nomeados polo Rector, a proposta da Comisión de



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- de Doutoramento, e das Facultades e Escolas Técnicas Superiores.
- 2. Os Tribunais estarán constituídos por cinco membros pertencentes ós Corpos de Catedráticos e Profesores Titulares da Universidade, destinados na de Santiago de Compostela.
- 3. En ningún caso poderán formar parte dos nomeados Tribunais o Director e o Titor das Teses de Doutoramento que opten ó premio.
- 4. O Rector nomeará, de entre os membros propostos, o Presidente e o Secretario de cada Tribunal.

QUINTO. - Actuación dos Tribunais.

A actuación dos Tribunais nomeados para elevar proposta do Premio Extraordinario suxeitarase ás regras que estableza, con carácter xeral, a Comisión de Doutoramento, sen que en ningún caso, poida acordarse somete-los aspirantes ó devandito premio á celebración de exercicios o probas especiais.

SEXTO. - Outorgamento dos premios extraordinarios.

- 1. Os Tribunais nomeados para elevar as propostas do premio extraordinario remitarán as mesmas ó Presidente da Comisión de Doutoramento quen as elevará ó Rector da Universidade.
- 2. A concesión dos premios extraordinarios será sometida polo Rector á aprobación da Xunta de Goberno da Universidade.

SETIMO. - Efectos do Premio Extraordinario.

- 1. A concesión do Premio Extraordinario do Doutoramento levará consigo os beneficios de gratuidade no abono das taxas para a expedición do Título de Doutor, a teor do disposto para estes casos, na lexislación estatal.
- 2. A mención de Premio Extraordinario do Doutoramento farase constar no Título de Doutor, conforme as normas que dicte o Ministerio de Educación e Ciencia.

Sen prexuício do anterior, a Universidade de Santiago poderá dispoñer do recoñecemento documental da mención de Premio Extraordinario do Doutoramento na forma que oportunamente se determine.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
SECRETARIA XERAL

DILIXENCIA. - Para deixar constancia de que a presente normativa de concesión de Premios Extraordinarios de Doutoramento foi aprobada pola Xunta de Goberno desta Universidade na sesión celebrada o día 24 de marzo de 1988.
Santiago, 28 de marzo de 1988.

Vº e Pr.
O RECTOR,

SECRETARIO XERAL,

SA



ena